

O inicio da aventura

O mundo máxico de amazonas, elfos, centauros, druídas ou exércitos escuros chega a Galicia da man de Sabela González en "As crónicas de Landereina". Crítica de X.M. Eyré.

Por Xosé M. Eyré | Vigo | 11/09/2013

Título: **As crónicas de Landereina. Bágoa de lúa**

Autora: **Sabela González**

Editorial: **Galaxia**

O eido mellor definido dentro da literatura é o poético, porén unha das características que caracteriza os xéneros, inclusive en verso, é a súa parca delimitación, o cal dá orixe a discursos certamente de moito interese e tamén a un perigoso confusionismo. A natureza do xénero é extraliteraria, e entre todos os xéneros o da literatura para lectores máis novos resulta especialmente difuso porque o nivel lector non o sinalan os anos senón a práctica lectora. De xeito que dous cativos da mesma idade poden representar niveis lectores ben diferentes, ou, noutras palabras, que un mesmo título non sexa acaído para os dous.

As crónicas de Landereina, das cales Bágoa de de lúa é primeira entrega, preséntanse como unha triloxía fantástica que reúne motivos ben atraentes, como a maxia, como as amazonas, como elfos, centauros, druídas, exércitos escuros (os kaihum), dinastías, talismáns...nunha loita polo poder na cal dúas nenas teñen o protagonismo central (igual que as xeracións máis novas deben ter protagonismo central na vida real, pois delas é o futuro), pois Berenguela e Güenaela deberán atravesar un territorio cheo de perigos para dar cabo á súa misión. Trátase dunha distopía que presenta unha xeografía propia e peculiar, con mapa xusto antes de comezar a lectura, que sempre se agradece, situada nun tempo ucrónico que, porén, precisa datación para ordenar o discurso (aspecto moi importante), e que ten o seu de desideratum , autorial e tamén reivindicativo, ao presentar contextos onde a muller é mellor tratada, máis igualitariamente tratada, que na historia oficial, real. En si, esta reivindicación igualitaria, en contraste co que sucede na vida real, xa é un valor moi a ter en conta á hora de seleccionar lecturas para as xeracións máis novas.

Dixemos antes que a datación ordenadora do discurso tiña unha importancia especial, porque evidentemente o lector fará uso desas datas dentro da cronoloxía que está habituado a utilizar, o cal vai dar orixe a unha problemática que acompaña a lectura de cabo a rabo. En principio, nunha distopía, nunha distopía ucrónica, o discurso non ten porque aterse á sucesión de feitos que coñecemos como Historia. Todo é posíbel. Todo é posíbel sempre e cando non contradiga a necesaria credibilidade que o texto ten que gardar, ao texto abóndalle con ser cribel, e niso ten moita importancia a lingua empregada. Por moi distopía utópica que sexa, que un paquete se extravíe no correo (182) representa unha visión excesivamente moderna, igual que que alguén consulte un “libro de ensaio” (67), ou que coman churrasco, ou que unha personaxe realice “un pequeno apuntamento” ou o uso xeralizado de parafusos. Nunha distopía é posíbel que se coman tomates porque nese lugar fôra da Historia non rexe a sucesión de acontecementos da realidade, e non houbo que agardar á descuberta de América, certamente; mais resulta sospeitoso que os almorzos sexan practicamente iguais aos de hoxe, sospeitoso ou, polo menos, pouco indicado para garantir a credibilidade do texto mesmo dentro das regras que crea. Para garantir a credibilidade dunha trama que, por riba, conta con datación sen que se especifiquen as diferenciais coordenadas desa datación, se as ten, ou simplemente se avise de que deben der entendidas noutros parámetros. A todo isto únese un ton excesivamente familiar, coloquial e nada solemne, empregado entre personaxes da realeza e con elas.

Certamente, todo iso imprímelle un carácter ao discurso que o fai indicado para lectores de poucos anos ou ben lectores que non se fagan preguntas sobre o que len. Mais tamén cómpre sinalar outra cousa, como xa outras veces temos avisado a propósito doutros títulos, é que a historia contada nesta Bágoa de lúa d’As crónicas de Landereina resulta moi atraente para ser recontada oralmente. De seguro que as aventuras de Berenguela e Güenaela, de Cátaba e Buum, das amazonas e os centauros...farán as delicias dos cativos, porque nese aspecto a novela non decepciona e dispón unha intriga chea de peripecias ben interesantes e atraentes, resultando o mellor desta primeira entrega. E non temos dúbida de que os lectores máis novos as disfrutarán moito.

Mais, na nosa opinión resulta unha mágoa que en As crónicas de Landereina non se quixera unha lectura que poida ser compartida e gozada por toda a familia, algo semellante aos blockbuster que no eido cinematográfico tantos rendementos está a deixar.